



PROTOCOLO DE TRANSICIÓN DE ACOLLEMENTO FAMILIAR OU RESIDENCIAL A ADOPCIÓN

1. Introducción

Este protocolo ten por obxecto establecer criterios comúns de actuación para os Equipos técnicos de menores da Consellería de Política Social, de acordo coa actual normativa de protección de menores, en especial a redacción consolidada da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

Os ditos criterios baséanse tanto na redacción da lexislación como nas crecentes evidencias científicas en relación coa necesidade de fomentar as circunstancias que fagan posible que as nenas, nenos e adolescentes (en adiante, NNA) manteñan no tempo, se este é o seu desexo, os vínculos que foron establecendo de acordo coas medidas de protección que lles foron asignadas.

Así pois, resulta de importancia protocolizar os momentos de transición, en especial no paso cara a adopción, como medida definitiva e permanente de protección.

Tomando como base a proposta das entidade Cora e ASEAF neste sentido, recóllense algunhas consideracións en relación cos axentes que interveñen neste proceso:

- A NNA dentro do sistema de protección enfróntase a profundas situacións de cambio. Por un lado sofren a perda do seu entorno e por outro deben adaptarse a unha nova realidade. Aínda que as transicións son inevitables, debe procurarse que sexan as mínimas indispensables e deben ser coidadas minuciosamente a fin de evitar os sentimentos de desubicación, estrañeza, perda e falta de sentido, comprendendo as reaccións de tristeza ou rabia, reaccionando ante elas de maneira eficaz e adecuada, axudando con explicacións e con elementos que permitan facilitar un certo sentimento de continuidade.
- Para as familias adoptivas este momento chega tras unha longa espera e resólvese nun curto espazo de tempo, o que as envolve en múltiples emocións, como ilusión, inseguridade, ansiedade, estrés.
- Polo que respecta ás familias de orixe, no caso das adopcións abertas, estas familias adoitan atoparse con grandes incertezas e dúbidas sobre o futuro da NNA, sobre cal vai ser o seu papel no proceso adoptivo, medos a sentirse desbancados ou menos queridos polas NNA. Débense ter en conta estes sentimentos, a pesar do traballo que se poida ter levado a cabo con anterioridade, e procurar paliar as ditas incertezas, de modo que as familias de orixe poidan





contribuír tamén ao bo desenvolvemento do proceso, centrándose en apoiar para que a NNA viva este cambio como algo bo.

- A familia acolledora despide do seu fogar un NNA que conviviu con eles un tempo. O vínculo xerado entre eles é significativo, toda vez que esta familia converteu a NNA nun membro máis da familia, de acordo co deber que lle impón a lexislación actual (artigo 20 bis.2.c da L. O. 1/1996, do 15 de xaneiro). No tránsito, a familia enfróntase a un futuro de incerteza, desconcerto e sentimentos de perda. Para os acolledores, a separación será máis fácil se teñen a ocasión de ser escoitados, participar, coñecer a nova familia e saber da evolución da NNA dentro dela. Hai que ter en conta que esta relación está suxeita aos límites establecidos no artigo 20 bis.1.m da norma citada.

- Nos casos de acollemento residencial, o persoal educativo adquire o rol de referente adulto da NNA e establecen unha vinculación emocional mutua. Estarán no proceso de transición xunto a NNA.

2. Criterios xerais

- As fases descritas para este protocolo iníciase no momento en que a familia adoptiva asignada asinou a aceptación.

- A nena, neno ou adolescente debe ser o centro de calquera decisión, debendo primarse a salvagarda dos seus dereitos, tendo en conta as súas necesidades, capacidades, sentimentos, por encima doutros intereses.

- O cambio que supón unha modificación de medida de protección constitúe un elo fundamental na vida da NNA. Débese traballar propiciando o sentido e a integración na súa historia de vida, favorecendo que a separación sexa vivida como un paso adiante, como un cambio que poidan entender e que non sintan como unha ruptura, como un novo abandono. A elaboración do proceso de transición débese realizar escoitando a todas as partes implicadas, procurando conseguir a súa implicación para conseguir que non se produza unha ruptura e que se manteñan os vínculos afectivos positivos que axudarán a xerar novos vínculos sans coas súa nova familia que contribuirán á estabilidade emocional da NNA.

- Procurarase manter os vínculos afectivos positivos que a NNA formou ao longo da súa vida, para manter así a súa estabilidade emocional e favorecer adecuadamente o desenvolvemento da súa identidade.

- O ETM debe procurar que todos os axentes implicados coñezan a medida decidida o antes posible para contribuír a reducir as sensacións de descontrol e desconcerto.





- Se a NNA está en idade escolar, débese valorar o posible beneficio de esperar a que remate o curso académico ou á chegada dun período vacacional, de forma que poida despedirse do seu entorno social.
- O ETM adaptará o proceso descrito ás demandas dos menores, sempre que sexan adecuadas para o seu interese superior, e en especial aos tempos que precisen para a súa preparación previa.

3. Fases do protocolo de transición

3.1. Recollida e análise de información

- O ETM deberá verificar que a información dispoñible está completa. Ademais nesta fase deberá identificarse a situación emocional das familias, co obxectivo de identificar necesidades ao longo das fases seguintes. Para isto o ETM ou, segundo o caso, o programa de acollemento familiar (Cruz Vermella) ofrecerá cando menos unha reunión a cada un dos axentes implicados (familia de orixe, familia adoptiva, familia acolledora/centro residencial).
- En relación co NNA, o grado de aceptación sobre a súa realidade e da adopción, segundo a idade, debe ser un traballo previo á asignación da familia, que debe constar documentalmente no expediente e ser contrastado polo equipo técnico unha vez asignada a familia adoptiva.
- Os ETM recompilarán fotos, mensaxes, vídeos, cartas... sobre a familia adoptiva para que a familia acolledora ou o centro residencial poida traballar co NNA segundo as indicacións do ETM o tránsito á nova situación. Se as circunstancias o permiten, e en especial no caso das adopcións abertas, solicitarase colaboración da familia de orixe para xerar material que axude á transición e /ou no futuro da NNA (fotos, mensaxes, vídeos, cartas, Libro de Vida elaborado durante o acollemento que inclúe fotos e referencias a familia acolledora). Esta colaboración solicitaráselle tamén á familia acolledora ou ao centro de acollemento residencial.
- No caso de que destas actuacións se desprendesen aspectos que non constaban no expediente, este completarase cun informe que recolla a información actualizada.

3.2. Colaboración

- Como criterio xeral, o ETM fomentará que antes do primeiro contacto coa NNA se produzan dous encontros supervisados entre a familia acolledora/centro





residencial e a familia adoptiva. En calquera caso, ningunha das familias estará obrigada a manter o segundo encontro en contra da súa vontade, se ben o persoal técnico procurará mitigar os posibles conflitos ou falta de afinidade, en especial no caso do acollemento familiar. O obxectivo é que o axentes implicados na medida de protección, en especial as familias, se coñezan, e a familia adoptiva poida obter a máxima información posible sobre a NNA.

- Se ambas familias (adoptiva e acollidora) están de acordo, a familia adoptiva disporá os datos de contacto da familia acollidora para posibles contactos ou aclarar dúbidas sobre o NNA.
- O ETM valorará a necesidade de máis reunións supervisadas, sempre que as familias accedan. Segundo a avaliación do ETM destes encontros, poderán fomentarse as reunións sen supervisión.
- O ETM e, de ser o caso, o programa de acollemento familiar, atenderá puntualmente as dúbidas das familias durante o proceso de cambio de medida.
- Procurarase que os primeiros encontros entre NNA e familia adoptiva se realicen nun lugar ou espazo facilitador e de confianza para o/a NNA. O ETM oirá a proposta do/a NNA. Con todo, procurarase que nos primeiros encontros se manteña a neutralidade dos espazos.
- No caso de que así o acepte a familia adoptiva e a NNA o estime conveniente, a primeira visita ao novo domicilio poderá ir acompañada polas persoas de referencia (da familia acollidora ou centro residencial).
- Á vista da evolución do proceso, o ETM planificará o número de encontros nos que a NNA sairá a soas coa nova familia. A duración será flexible, podendo finalizar antes do programado se o aconsellan as circunstancias.

3.3. Acoplamento

- O ETM procurará a creación dun marco de confianza, seguridade e aceptación progresiva da medida. Neste sentido son importantes os rituais de despedida:
- asegurar o futuro do NNA e preparalo para o final do acollemento
- as despedidas deben estar ben planificadas.
- pódense explorar diferentes finais
- todas as medidas deben tender a que a NNA conserve unha boa lembranza da experiencia
- Desenvolveranse estratexias como o traslado progresivo á nova casa de obxectos favoritos, co fin de minimizar o sentimento de perda.





- A familia acolledora ou o/a profesional de referencia do centro de acollemento residencial comunicaranlle ao ETM aquelas modificacións dos patróns habituais de comportamento da NNA antes os contactos coa nova familia, para que o ETM determine os axustes que se deban realizar no proceso.
- O ETM fomentará que de xeito progresivo a familia acolledora ou o persoal do centro de acollemento residencial se coloquen progresivamente nun segundo plano que facilite a transición da NNA cara a nova medida e a integración na nova familia.
- O ETM facilitará a tramitación burocrática da nova situación da NNA. Ademais procurará as actuacións necesarias para que os/as profesionais do ámbito sanitario e educativo faciliten o tránsito cara a nova medida.
- O programa de familias acolledoras acompañará a familia acolledora logo da resolución de fin de acollemento para prever a afectación que poida sufrir.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

